



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Literatura e Xénero (Ámbito Hispánico)	Código	613584111	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Tato García, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Profesorado	Tato García, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo avanzado de textos literarios priorizando o xénero como categoría de análise. Achegamento a distintas producións literarias significativas desde esta perspectiva.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos:</p> <p>Non hai</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen:</p> <p>Actividades iniciais, Lecturas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <p>O Obradoiro e a Sesión maxistral desenvolveranse ben a través de Teams, ben a través do Campus Virtual (mediante presentacións, lecturas e exercicios). A asistencia a un evento será substituída pola audición dalgunha conferencia ou o visionado dalgún evento o documental en internet. Proba mixta: no caso de ser imposible a súa realización de maneira presencial, levarase a cabo unha proba síncrona a través de Teams, que o alumnado fará a man en papel e da que subirá unha foto ao Campus Virtual para a súa avaliación (as preguntas serán distribuídas dunha en unha -procederá a responder á segunda unha vez entregada a primeira e así sucesivamente-).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <p>Correo electrónico; videochamada, previa solicitude de cita, a través de Teams (terá lugar no horario de titorías).</p> <p>4. Modificacións na avaliación: mantéñense as actividades e as porcentaxes, unicamente cambia, de ser preciso, o modo en que se desenvolve a proba mixta e a maneira en que se entrega, aspecto este que afecta tamén á entrega de exercicios do obradoiro, do resumo do evento e do traballo, que se subirán ao Campus Virtual (as preguntas serán distribuídas dunha en unha -procederá a responder á segunda, unha vez entregada a primeira e así sucesivamente-).</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:</p> <p>Non hai modificacións na bibliografía, aínda que, de ser o caso, cómpre proporcionar os elementos básicos de consulta a través do Campus Virtual se os estudantes non puidesen acceder á Biblioteca</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural



A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber analizar a historia da literatura e da cultura desde unha perspectiva contextual, considerando as condicións históricas e sociais particulares que condicionaron as posibilidades de acceder á literatura no caso dos homes e das mulleres.	AM1 AM6 AM7 AM8 AM9 AP1 AI3	BM3 BP1 BP2 BP3 BP4 BP7	CM1 CM3 CM4 CM5 CM6 CI1
Coñecer a relevancia da categoría do xénero no estudo das creacións culturais, artísticas e literarias, tendo en conta o contexto histórico no que se producen e os cambios que a adopción desa perspectiva conlevou.	AM1 AM6 AM7 AM8 AM9	BP2 BP4	CM2 CM3 CM4 CM5
Ser capaz de aplicar a perspectiva de xénero a algunhas producións significativas da literatura española atendendo aos distintos aspectos implicados	AM1 AM6 AM7 AM8 AM9 AI1	BM3 BP2 BP4 BP5 BP7	CM2 CM3 CM4 CM5 CM6



Ser quen de producir textos escritos, debidamente elaborados e ordenados, nos que se apliquen os coñecementos adquiridos, se ofreza unha síntese, se contrapoñan puntos de vista ou teorías..., sempre cunha visión crítica e reflexiva	AM1	BM3	CM1
	AM2	BP1	CM2
	AM6	BP2	CM3
	AM7	BP3	CM4
	AM8	BP4	CM5
	AM9	BP5	CM6
	AP1	BP7	CI1
	AI1		
	AI3		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	Algunhas nocións sobre a perspectiva de xénero nos estudos culturais e sobre a súa aplicación á análise literaria.
2. A muller na Idade Media	A invisibilidade da muller na época. A marxinação das mulleres na sociedade medieval. As mulleres e o seu estatus: reinas, nobles, monxas, mulleres traballadoras, mulleres marxinais... A muller e a cultura.
3. Muller e literatura na Idade Media	Textos a favor e en contra das mulleres. Mulleres e voces de muller na literatura medieval. Mulleres lectoras. Mulleres escritoras: revisando o canon.
4. Cancioneiro	Lectoras e consumidoras de poesía. A imaxe da muller nos textos poéticos. A muller como destinataria dos poemas. Os primeiros cancioneros e as primeiras poetas: mulleres silenciadas e mulleres con voz. Maior Arias, coetánea de Leonor López, e outras escritoras.
5. Prosa	Distintos xéneros na prosa medieval. Achegamento a algunhas mulleres prosistas. As "Memorias de Leonor López de Córdoba".

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B10	0.5	0	0.5
Sesión maxistral	A1 A6 A7 A8 B6 B7 B10 B3 C5	7	6	13
Obradoiro	A1 A2 A3 A6 A10 A9 C2 C7 C6 C8	6.5	5	11.5
Eventos científicos e/ou divulgativos	B5 B7 B10 C7 C5	0	3	3
Traballos tutelados	A1 A3 A6 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C3 C4 C7 C5 C6 C8	0	27	27
Lecturas	A1 A6 A10 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C7 C5 C6	0	11	11
Proba mixta	A1 A3 A6 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C7 C5 C6 C8	1	7	8
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Análise dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa
Sesión maxistral	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente na profesora, que tratará de familiarizar ao estudante cos contidos abordando de maneira sintética os aspectos e problemas que descoñece; a tal efecto, procurará ofrecer panorámicas xerais de carácter introductorio, que se completarán con bibliografía e/ou materiais que a docente facilitará a través do Campus Virtual. Para que o alumnado se implique nestas sesións, buscarase a súa intervención (preguntas-respostas, interpelacións...).
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, exposicións, discusións dirixidas, exercicios de comentario, manexo de fontes instrumentais, etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas aplicando os coñecementos adquiridos sobre distintos aspectos do programa, sempre co apoio e supervisión da profesora. Nalgún caso, pode solicitarse que cumplimente algún exercicio ou tarefa na casa para traballalo posteriormente na aula. Unha ou máis desas tarefas poderá(n) ser recollida(s) pola profesora para a avaliación.
Eventos científicos e/ou divulgativos	De ser posible, asistirán a algunha conferencia ou evento que desenvolva algún aspecto do programa, no marco das actividades dalgún proxecto ou grupo de investigación que se celebren durante o curso 2021-2022. No caso de que a conferencia ou o evento no podan celebrarse, reemplazarase esta actividade por outra semellante (elaboración dun resumo dun texto oral ou escrito, visionado dalgún documental e comentario do mesmo...).
Traballos tutelados	Cada estudante deberá preparar un breve traballo sobre algún aspecto do programa, que será asignado pola profesora, seguindo as pautas que no seu momento se establezan para a súa presentación. Na primeira fase, o alumnado lerá críticamente os textos sobre os que vaia traballar e buscará información sobre eles, así como bibliografía; preparará despois un guion ou esquema que debe discutir coa profesora nunha titoría. Contactará novamente coa docente noutra titoría para dar conta do progreso do seu labor e, no seu caso, da reorientación e dos problemas que determinaron a modificación do plan inicial.
Lecturas	Ademais dos textos literarios, de lectura obrigatoria, a profesora proporcionará artigos e estudos que axuden a asimilar ou completar a información das sesións maxistrais; poderán tamén marcarse algunha lectura máis, que o estudante levará a cabo fóra da aula, para participar nas actividades do obradoiro (resumo, esquema, debate, breve presentación dalgún texto ou tema...).
Proba mixta	Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba dedicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo referidos ao programa, fundamentalmente en relación co traballo tutelado e coas tarefas entregadas, a modo de control da autoría desas materiais. Requerirásese, ademais, que acade un nivel de expresión acorde co dun posgraao universitario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Obradoiro Proba mixta Lecturas	O alumno poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada da profesora, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións dedicadas ao obradoiro ou nas lecturas, mais nunca a titoría suplirá ás explicacións que o estudante non teña seguido por se ausentar inxustificamente da aula (non equivaldrá tampouco a unha sesión adicional de repaso, a modo de clase particular). No que atinxe á realización do traballo, deberá pasar polo gabinete da profesora na primeira fase para presentar o guion inicial e outra vez, como mínimo, para dar conta dos avances.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A1 A3 A6 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C3 C4 C7 C5 C6 C8	Os alumnos prepararán un traballo sobre algún aspecto relacionado coa materia que a profesora determine. Valorarase a aportación que o estudante faga, a organización das ideas, a orixinalidade, a fundamentación científica... Tamén serán tidas en conta as cuestións formais (presentación, expresión, sistema de citas, referencias bibliográficas...).	40
Obradoiro	A1 A2 A3 A6 A10 A9 C2 C7 C6 C8	Valorarase a participación nas aulas (e non tanto a mera presenza pasiva), así como os exercicios e actividades que o alumno leve a cabo nas distintas sesións (atendendo á súa capacidade crítica e ás súas achegas).	10
Proba mixta	A1 A3 A6 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C7 C5 C6 C8	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que o alumno demostrará ter acadados os coñecementos e competencias previstas. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión acorde ao nivel dunha titulación de posgrao.	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	B5 B7 B10 C7 C5	Os estudantes asistirán a algún evento ou conferencia das que se celebren no marco dalgún proxecto ou grupo de investigación e farán un resumo completo da mesma; valorarase a comprensión da exposición e que saiban dar conta dela de modo completo e organizado. No caso de que non se poda contar con esta posibilidade, buscarase algunha outra actividade ou tarefa.	20

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. Farase media entre as distintas partes cando tanto no traballo tutelado como na proba mixta se acade unha nota mínima de 4 sobre 10.

Só se aceptará o traballo e as tarefas realizadas cando se entreguen nas datas previstas, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Dase por suposta a asistencia ás aulas, que é obrigatoria. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mixta (40%) e o traballo (60%); debe poñerse en contacto coa docente ao inicio do curso para establecer o mecanismo de seguimento da súa actividade (especialmente para a fixación das datas da entrega do traballo e da realización da proba mixta). O sistema de avaliación será o mesmo para as persoas que participen na convocatoria adiantada de decembro. Os estudantes que non conten con dispensa académica e que, por algunha razón sobrevida, teñan que perder algunha(s) sesión(s) das presenciais, deberán comunicalo, ao inicio do curso (ou no momento en que o saiban, mais nunca a posteriori); á profesora estudirá a súa problemática (tentando buscar solucións de cara á avaliación) sempre que ausencia quede debidamente xustificada.

Considerarase como ?non presentado? o alumno que non entregue o traballo tutelado e as tarefas que se lle encarguen ou que non realice proba mixta.

Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes, xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro). Así, a valoración estará composta polo 60% do traballo e o 40% da "Proba mixta". A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao nivel da titulación (tomarase en conta, polo tanto, a corrección ortográfica e gramatical, mais tamén a capacidade de estruturar as ideas e elaborar a exposición). No caso de que a escrita dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control da docente, para avaliar a expresión servirán como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (ed.) (1989). Poesía femenina en los cancioneros. Madrid, Castalia- VOZZO MENDIA, Lia (ed.) (1992). Leonor López de Córdoba, &quot;Memorie&quot;. Parma, Pratiche- DEYERMOND, Alan (1995). ?Las autoras medievales castellanas a la luz de las últimas investigaciones?. Granada, Universidad de Granada- LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1986). ?Las mujeres escritoras en la Edad Media castellana?. Madrid, Universidad Complutense- LORENZO GRADÍN, Pilar (1997). ?Voces de mujer y mujeres con voz en las tradiciones hispánicas medievales?. Santiago, Universidad de Santiago- MARIMÓN-LLORCA, Carmen (1990). Prosistas españolas medievales. Alicante, Caja de Ahorros Provincial- MERIDA JIMÉNEZ, Rafael (2011). Mujer y cultura literaria en las letras ibéricas medievales y del renacimiento temprano. Kassel, Reichenberger- WHETNALL, Jane (1984). ?Lírica femenina in the Early Manuscript Cancioneros?.- WHETNALL, Jane (). ?Mayor Arias: ¡Ay, mar brava, esquivia!?. Berna, Peter Lang <p>Ademais dos textos de lectura sinalados, a profesora proporcionará unha selección doutros que facilitará aos estudantes; asemade, poderá elaborar materiais dalgúns dos temas e poñelos a disposición do alumnado, sempre a través do Campus Virtual.</p>
Bibliografía complementaria	Será proporcionada nas aulas e/ou a través do Campus Virtual.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario dunha titulación de posgrao é requisito; de calquera xeito recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou doutro tipo) que os subsanen.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías